



CONCELLO DE ARTEIXO

DEPARTAMENTO DE PERSOAL
RELGA N.º 2000/141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel.: 981 60 00 09

Fax: 981 60 24 17

Email: persoal@arteixo.org

CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS DO PROCESO DE SELECCIÓN, POR CONCURSO-OPOSICIÓN E TRÁMITE DE URXENCIA, PARA COBERTURA TEMPORAL (PERSOAL LABORAL TEMPORAL) DUNHA PRAZA DO POSTO DE TÉCNICO/A DE ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL PARA AS ÁREAS MUNICIPAIS DE CULTURA DO CONCELLO DE ARTEIXO.

PRIMEIRA.- OBXECTO DAS PRESENTES BASES

É obxecto das presentes bases a aprobación da convocatoria do proceso selectivo, para a provisión, con carácter de urxencia e de xeito temporal, polo sistema de concurso-oposición, dunha praza do posto de técnico/a de animación sociocultural, para as áreas municipais de cultura do Concello de Arteixo, vinculada á subvención concedida pola Deputación Provincial da Coruña a través do programa F0206/2017 de subvencións a concellos e entidades locais para contratar personal técnico en xestión cultural e/ou animación sociocultural, ano 2017.

As funcións a desempeñar serán, con carácter xeral, as seguintes:

- Desenvolvemento dos aspectos prácticos dos programas e proxectos culturais municipais, exercendo unha labor de dinamización no campo da animación, o desenvolvemente comunitario e o lecer sociocultural.
- Colaboración e participación no desenvolvemente das planificacións, proxectos, programas e iniciativas culturais municipais e traballo directo coas persoas usuarias.
- Contacto co sistema asociativo local e cooperación no incremento da participación da poboación nas actividades culturais, realizando unha labor de intermediación entre a demanda social e a oferta cultural proposta polos servizos públicos.

A relación laboral formalizarase mediante un contrato de traballo de carácter temporal por obra ou servizo determinado, con xornada completa. A duración deste contrato extenderase dende a data da contratación efectiva ata o 30 de abril de 2018.

A convocatoria e as bases da convocatoria publicaranse no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello (www.arteixo.org), e anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

SEGUNDA: REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES

Para ser admitidos/as no proceso selectivo, os/as aspirantes terán que reunir no día de expiración do prazo de presentación de instancias, os seguintes requisitos:

2.1. Ter nacionalidade española. Cúmrese este requisito nos seguintes casos:

- a) Ser español/a.
- b) Ser nacional dalgún dos demais Estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún Estado ó que en virtude dos Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.



CONCELLO DE ARTEIXO

DEPARTAMENTO DE PERSOAL

RELGA N.º 2000/141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel.: 981 60 00 09

Fax: 981 60 24 17

Email: persoal@arteixo.org

- c) Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois e dos nacionais dalgún dos demais Estados membros da Unión Europea, e, cando así o prevexa o correspondente Tratado, o dos nacionais dalgún Estado ó que en virtude dos Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estean separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións, poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe, menores de vinteún anos ou maiores de dita idade que viva a súas expensas.
- d) Así mesmo poderán participar os que non estando incluídos nos parágrafos anteriores se encontren en España en situación de legalidade, sendo titulares dun documento que lles habilite a residir e a poder acceder sen limitacións ó mercado laboral. En consecuencia, poderán participar os que se encontren en situación de residencia permanente, os que se encontren en situación de autorización para residir e traballar, así como os refuxiados.
- 2.2. Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa.
- 2.3. Estar en posesión do título oficial de formación profesional de técnico superior en Animación Sociocultural.
- 2.4. Estar en posesión certificado de lingua galega nivel 4 (Celga 4) ou equivalente, homologado pola Secretaria Xeral de Política Lingüística da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.
- 2.5. Ter capacidade para contratar a prestación do seu traballo, de acordo co previsto no artigo 7 do Estatuto dos Traballadores.
- 2.6. Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións. Acreditarase mediante declaración xurada (ou na declaración da instancia que se achega ás presentes bases). As persoas con minusvalías deberán aportar certificación do correspondente organismo e sinalaran na instancia se precisan adaptacións para a realización das probas especificando tales adaptacións.
- 2.7. Non ter sido separado, mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse inhabilitado para o desempeño das funcións públicas por sentenza firme. Acreditarase mediante declaración xurada (ou na declaración da instancia que se achega ás presentes bases). No suposto de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sino sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no se Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

TERCEIRA: INSTANCIAS

- 3.1. Os/as interesados/as en tomar parte neste proceso selectivo terán que facelo constar en instancia dirixidas ao Sr. Alcalde-Presidente, segundo o modelo do anexo, que se facilitará na páxina web do Concello (www.arteixo.org).



CONCELLO DE ARTEIXO

DEPARTAMENTO DE PERSOAL

RELGA N.º 2000/141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel.: 981 60 00 09

Fax: 981 60 24 17

Email: persoal@arteixo.org

3.2. Para poder ser admitido/a no proceso selectivo, deberá presentar a seguinte documentación, que deberá estar numerada correlativamente:

- Fotocopia compulsada do DNI ou Tarxeta de Residente
- Fotocopia compulsada da titulación esixida para participar na convocatoria.
- Fotocopia compulsada do certificado de lingua galega nivel 4 (Celga 4).
- Relación dos méritos que se aleguen para avaliar na fase de concurso, pola orde que se establece nesta convocatoria. A dita relación uniranse os documentos xustificativos (orixinais ou fotocopias compulsadas). Non se tomarán en consideración nin se avaliarán aqueles méritos que non queden debidamente acreditados na forma que se establece na convocatoria.
- Carta de pagamento de ter aboado os dereitos de exame nos servizos económicos municipais (tesourería). En ningún caso a presentación e pago da taxa por dereitos de exame suporá substitución do trámite de presentación de instancia. Ademais, a ausencia de xustificante do abono dos dereitos de exame, dentro do prazo de presentación de instancias, non poderá ser obxecto de subsanación, determinando a exclusion do/a aspirante.

Quedarán exentos/as do pagamento das taxas de dereito de exame, aqueles/as aspirantes que acrediten minusvalía e/ou situación de desemprego de longa duración (a tal efecto deberá aportarse xunto coa instancia o certificado de minusvalía superior ao 33% ou certificado do INEM de estar en situación de desemprego durante 1 ano ou máis tempo) segundo a ordenanza fiscal nº 11 do Concello de Arteixo.

Os dereitos de exame establécense en 24,89 €, e só serán devoltos a quen non fora admitido/a no proceso selectivo por non reunir os requisitos esixidos no epígrafe 2º das presentes bases, isto é, únicamente a aqueles/as aspirantes que resulten excluídos/as na listaxe definitiva.

3.3. O prazo para a presentación das solicitudes será de cinco días hábiles, desde o seguinte ao da publicación do anuncio de convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

3.4. A presentación de instancias poderá realizarse no Rexistro xeral do Concello de Arteixo ou en calquera das formas establecidas no artigo 19 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. O horario do Rexistro Xeral do Concello de Arteixo é de 09:00 a 14:00 horas de luns a venres.

3.5. Dado o carácter urxente da convocatoria, os/as aspirantes que presenten a instancia por calquera outro medio distinto ao da presentación no Rexistro xeral do Concello de Arteixo, deberán remitir unha copia sellada da instancia ben por vía mail (persoal@arteixo.org) ou vía fax (número 981 60 24 17).



CONCELLO DE ARTEIXO

DEPARTAMENTO DE PERSOAL
RELGA N.º 2000/141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel.: 981 60 00 09

Fax: 981 60 24 17

Email: persoal@arteixo.org

CUARTA: ADMISIÓN DOS/AS ASPIRANTES

- 4.1. Listaxe provisional: unha vez que remate o prazo de presentación de instancias, o Alcalde-Presidente ou Concelleiro delegado ditará resolución na que se declarará aprobada a listaxe provisional dos/as aspirantes admitidos/as e excluídos/as, con indicación das causas de exclusión, de ser o caso. Esta resolución publicarase no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello (www.arteixo.org).
- 4.2. Prazo reclamacións: os/as aspirantes non admitidos/as disporán dun prazo de tres días hábiles, contados desde o seguinte ao da publicación da listaxe provisional de admitidos/as e excluído/as no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello (www.arteixo.org), co fin de emendar o defecto que motivara a súa non admisión. Dada o carácter urxente da convocatoria, a presentación de reclamacións por calquera outro medio distinto ao da presentación no Rexistro Xeral do Concello de Arteixo, debe ser comunicada vía mail (persoal@arteixo.org) ou vía fax (número 981 60 24 17).
- 4.3. Listaxe definitiva: unha vez que remate o prazo de reclamacións, o Alcalde-Presidente ou Concelleiro delegado ditará resolución na que se aprobará a listaxe definitiva de aspirantes admitidos/as e excluídos/as. Esta resolución publicarase no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello (www.arteixo.org). A admisión do/da aspirante e a súa inclusión na listaxe definitiva de admitidos/as e excluídos/as, queda condicionada ao cumprimento dos requisitos esixidos. Polo tanto, a comprobación en calquera momento do proceso, do non cumprimento dos requisitos esixidos conlevará a exclusión do/da aspirante.

QUINTA: TRIBUNAL DE SELECCIÓN

- 5.1. O tribunal de selección estará composta por un Presidente, un Secretario e tres Vogais que deberán posuír titulación ou especialización igual ou superior á esixida para o acceso da convocatoria.
- 5.2. A composición nominativa do tribunal (titulares e suplentes) determinarase na mesma resolución pola que se aprobe a listaxe definitiva de aspirantes admitidos/as e excluídos/as.
- 5.3. Os membros do tribunal terán que absterse de intervir, notificando esta circunstancia ao Alcalde ou Concelleiro delegado, cando concorran neles circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público ou se encargaran das tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

O Alcalde ou Concelleiro delegado poderá solicitar dos membros do tribunal declaración expresa de non atoparse incurso na obriga de abstención regulada nesta base. Os/as aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran as circunstancias de abstención reguladas nestas bases.

- 5.4. O tribunal non poderá constituírse sen a presenza, polo menos, do Presidente, o Secretario e un Vogal. As decisións adoptaranse por maioría de votos dos



CONCELLO DE ARTEIXO

DEPARTAMENTO DE PERSOAL

RELGA N.º 2000/141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel.: 981 60 00 09

Fax: 981 60 24 17

Email: persoal@arteixo.org

membros asistentes, resolvendo en caso de empate o voto de calidade do presidente.

- 5.5. Todos os membros do Tribunal de selección terán voz e voto. O tribunal queda autorizado para resolver cantas dúbidas poidan presentarse e para adoptar os acordos que garantan a boa orde da convocatoria, en todo o non previsto polas presentes bases e a normativa aplicable. O procedemento de actuación do tribunal axustarase ao disposto na Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.

SEXTA: PROCESO SELECTIVO

O proceso selectivo efectuarase polo sistema de concurso-oposición, de acordo co seguinte detalle:

6.1. Fase de concurso (máximo 3 puntos)

- 6.1.1. Titulación universitaria relacionada co ámbito cultural ou social (Humanidades, Socioloxía, Historia, Belas Artes, Pedagogía, Socioloxía,...): 0,5 puntos por titulación ata un máximo de 1 punto.
- 6.1.2. Formación específica debidamente acreditada e homologada, relacionada co posto de traballo, impartida polas administración públicas ou polas institucións e entidades autorizadas: ata un máximo de 1 punto.
- Cursos de 100 horas ou máis:.....0,30 puntos.
 - Cursos de 50 a 99 horas:0,20 puntos.
 - Cursos de 20 a 49 horas:.....0,10 puntos.

Os diplomas ou documentos que acrediten a realización dos cursos deberán expresar, con suficiente claridade, a súa duración en horas e o seu contido.

- 6.1.3. Experiencia profesional, acreditada documentalmente, na planificación, deseño e/ou desenvolvemento práctico de actividades de animación e dinamización social e comunitaria no sector público, asociativo e/ou privado. Teranse en conta aquelas relacionadas directamente cos campos da igualdade de xénero, o traballo socioeducativo e a dinamización do territorio: ata un máximo de 1 punto
- Na administración pública: 0,10 puntos por cada mes completo
 - Na empresa privada: 0,05 puntos por cada mes completo.

A experiencia profesional acreditarase mediante a presentación da seguinte documentación:

- Experiencia na administración pública: certificado de servizos prestados emitidos pola administración correspondente.
- Experiencia na empresa privada: informe de vida laboral emitido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social, xunto con documentación acreditativa que especifique o posto de traballo ou funcións desenvolvidas (nómina, contrato, certificado empresa, etc).



CONCELLO DE ARTEIXO

DEPARTAMENTO DE PERSOAL
RELGA N.º 2000/141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel.: 981 60 00 09

Fax: 981 60 24 17

Email: persoal@arteixo.org

6.2.- Fase de oposición (máximo 7 puntos): de carácter obligatoria e eliminatoria.

- Primeiro exercicio: exame coñecementos teóricos
Consistirá na realización dun exercicio teórico, tipo test, de 10 preguntas, de comprobación de coñecementos teóricos no campo da animación sociocultural. O tribunal determinará as preguntas con carácter inmediatamente previo á realización do exercicio. A duración máxima para a realización deste exercicio será de 30 minutos. O exercicio será cualificado de 0 a 3 puntos máximo, sendo necesario acadar unha puntuación de 1,5 puntos para superar a proba, dado o seu carácter eliminatorio.
- Segundo exercicio: exame coñecementos prácticos
Consistirá na realización, a desenvolver por escrito, dunha proposta libre de intervención sociocultural no concello. O exercicio terá unha duración máxima de 90 minutos. A puntuación deste exercicio será de 0 a 4 puntos, sendo necesario acadar unha puntuación de 2 puntos para superalo dado o seu carácter eliminatorio. Ao remate da proba, e previamente á cualificación o tribunal poderá acordar que cada aspirante faga unha lectura pública do mesmo.

SÉTIMA: RELACIÓN DE APROBADOS

- 7.1. A puntuación final estará determinada pola suma total das puntuacións obtidas en cada apartado do concurso-oposición. O tribunal publicará na paxina web do Concello (www.arteixo.org) o resultado do concurso-oposición, ordenando aos aspirantes por orde de puntuación. No caso de producirse empate na puntuación final, a orde na relación farase de acordo cos seguintes criterios de aplicación sucesiva no caso de persistir o empate: maior puntuación na fase de oposición, maior puntuación no apartado de experiencia profesional da fase de concurso; maior puntuación no apartado de formación da fase de concurso.
- 7.2. O/a aspirante coa maior puntuación sera o proposto/a para contratación, establecéndose unha listaxe de todos/as os/as aspirantes segundo orde de prelación das cualificacións totais.
- 7.3. O tribunal poderá determinar unha listaxe de reservas dos/as aspirantes que non acadaran a maior puntuación coa finalidade de cubrir rexeitamentos, baixas e outras vacantes temporais de natureza similar e/ou postos asimilados ao convocado durante este ano e o vindeiro 2018.

OITAVA: PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN E RESOLUCIÓN DE CONTRATACIÓN

- 8.1. O/a candidato/a seleccionado terá que presentar no departamento de persoal do Concello de Arteixo, dentro dos tres días hábiles a partir da publicación da listaxe co resultado do proceso, os seguintes documentos:
 - a) Orixinal ou fotocopia compulsada acreditativa do cumprimento dos requisitos de nacionalidade e titulación.
 - b) Certificado médico, no que se acredite non estar afectado por limitación física



CONCELLO DE ARTEIXO

DEPARTAMENTO DE PERSOAL

RELGA N.º 2000/141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel.: 981 60 00 09

Fax: 981 60 24 17

Email: persoal@arteixo.org

ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das funcións do posto.

- c) Declaración baixo a súa responsabilidade de non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administracións.

8.2. O/a candidato/a seleccionada/o será contratada/o previa resolución do Alcalde ou Concelleiro/a delegado.

8.3. Se non se presentase a documentación ou do exame da mesma se observase que se carece dalgún dos requisitos sinalados na convocatoria, non poderá procederse a súa contratación e quedarán anuladas a súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que tiveran incorrido por falsedade na solicitude inicial.

8.4. No caso de que o/a candidato/a seleccionado/a non poda ser contratad/ao por non ter presentado a documentación requirida, ou no caso de que o posto quedara baleiro antes da finalización da actividade, poderase proceder de acordo co establecido nesta base á contratación doutro/a aspirante, seguindo a orde do proceso selectivo de acordo coa relación de aspirantes publicada polo tribunal na paxina web do Concello (www.arteixo.org).

NOVENA: BASE FINAL

Estas bases, a presente convocatoria e cantos actos administrativos se deriven dela e da actuación do tribunal de selección poderán ser impugnados nos casos e na forma establecidos pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

ANEXO I - TEMARIO

1. Animación sociocultural: concepto, obxectivos, funcións, modalidades.
2. A figura do animador sociocultural: obxectivos, perfil, características, funcións tipo.
3. Animación sociocultural en equipo: planificación do traballo, equipo de traballo e conduta do equipo.
4. Asociacionismo e concellos: tipos de asociacións. Acción cultural das asociacións.
5. Deseño de proxectos culturais.
6. Cultura e participación cidadá: a organización de actividades culturais.
7. A avaliación das necesidades culturais (tipos, diagnose da situación sociocultural, contextualización, características da situación cultural).
8. A animación sociocultural e conceptos relacionados coa educación.
9. A organización de actividades socioculturais e a participación social.
10. Actividades para a infancia.
11. A animación sociocultural no ámbito xuvenil: actividades para a mocidade.
12. Actividades para adultos e para a 3º idade.
13. Ensinanzas musicais: escola municipal de música.
14. Promoción e divulgación das artes escénicas.
15. Turismo cultural. A cultura como factor de desenvolvemento económico, social e territorial



CONCELLO DE ARTEIXO

DEPARTAMENTO DE PERSOAL
RELGA N.º 2000/141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel.: 981 60 00 09
Fax: 981 60 24 17
Email: persoal@arteixo.org

MODELO DE INSTANCIA

D/D^a con DNI núm.:
Con enderezo..... C.P..... Localidade.....
e teléfono de contacto e e-mail.....

EXPÓN:

Que tendo coñecemento da convocatoria do proceso selectivo para contratación laboral temporal do posto de

TÉCNICO/A EN ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL

e declarando explícitamente coñecer e aceptar as bases reguladoras da convocatoria, cumprindo os requisitos de acceso da base 2^a (base 2.5: Ter capacidade para contratar a prestación do seu traballo, de acordo co previsto no artigo 7 do Estatuto dos Traballadores, base 2.6: non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible do desempeño das correspondes funcións e base 2.7: non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin atoparse inhabilitado para o desenvolvemento de funcións públicas por sentenza firme).

Apórtase a tal efecto a seguinte documentación: (marcar cun **X**)

- DNI (copia compulsada)
- Titulación de acceso (copia compulsada)
- Certificado de lingua galega nivel 4/Celga (copia compulsada)
- Relación dos méritos e fotocopia compulsada dos documentos xustificativos
- Taxas dereito exame (copia, certificación de desemprego de longa duración ou certificado de minusvalía)

SOLICITA:

Sexa admitida esta instancia para participar no proceso selectivo referido.

Data, DNI e sinatura do/a aspirante:

AO SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE ARTEIXO